

CONSUELO FERREIRO REGUEIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,


CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC, na sesión do día catro de febreiro de dous mil quince, aprobou por vinte votos a favor, catro en contra e cinco abstencións, o *Regulamento de Estudos Propios de Posgrao e de Formación Continua da Universidade de Santiago de Compostela*, incorporando as corrección da proposta inicial que se detallan:

- a) A incorporación no artigo 3.1 da redacción que se transcribe: "os cursos propios deben revestir a forma de máster propio ou de curso de especialización".
- b) A substitución no artigo 2.1 do nome "Centro de Posgrao Propio" polo de "Centro de Posgrao".
- c) O emprego da expresión "máster propio".
- d) O emprego no artigo 6.3.c) da denominación "curso de experto" en lugar de "curso de experto universitario".

E para que así conste, asino a presente certificación, en Santiago de Compostela, a dez de febreiro de dous mil quince, co Visto e Prace do sr. Reitor.

Vº e Prace

O reitor



Juan M. Víaño Rey



# **PROPOSTA DE REGULAMENTO DE ESTUDOS PROPIOS DE POSGRAO E CURSOS DE FORMACIÓN CONTINUA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

## ***Exposición de motivos***

A Lei Orgánica de Universidades, no seu artigo 2 letra g, sinala que as universidades no uso da súa autonomía poderán expedir, ademais dos títulos oficiais con validez en todo o Estado, diplomas e títulos propios. Na mesma norma, no artigo 31.2.b), indícase a necesidade de establecer criterios comúns de garantía de calidade que faciliten a avaliación, a certificación e a acreditación das ensinanzas conducentes á obtención de diplomas e títulos propios das Universidades.

A USC ten aprobado un *Regulamento dos estudos de posgrao e de formación continua da USC* pola Xunta de Goberno do 22 de decembro de 1999 e sucesivamente modificado nos anos 2002, 2003, 2004 e 2005.

Os cambios normativos operados dende esa data e a conversión de moitos títulos propios en posgrao oficial así como a nova situación financeira e de captación de alumnos aconsellan unha revisión deste documento. Entre tanto, na súa sesión do día 18 de novembro de 2014 o Claustro Universitario procedeu á aprobación dunha emenda no marco do Plan Económico-Financeiro de Reequilibrio, no sentido de que “a xestión económica e orzamentaria dos másteres e cursos propios sexa realizada integramente por parte dos servizos centrais”. Neste senso recóllese a integración dos títulos propios na xestión académica ordinaria e racionalízase a súa xestión económica, mentres non se deseñe o sistema de xestión económica centralizado.

Este regulamento será de aplicación a todos estes estudos propios de posgrao e formación continua impartidos pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), directamente ou en colaboración con outras entidades e organismos.

En consecuencia, o Consello de Goberno, na súa reunión do....., acorda aprobar o presente *Regulamento dos Estudos Propios de Posgrao e Cursos de Formación Continua da Universidade de Santiago de Compostela*.

## **TITULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS**

### ***Artigo 1.-Ámbito de aplicación***

1.- A Universidade de Santiago de Compostela, en uso da súa autonomía, poderá impartir ensinanzas conducentes á obtención de títulos e diplomas propios.

2.- Este Regulamento ten por obxecto a regulación dos títulos propios,

entendéndose por tales os que de seguido se relacionan: cursos propios, é dicir, máster propio e curso de especialización, e cursos de formación continua.

3.- Os títulos propios deberán permitir atender de xeito áxil e eficaz ás demandas sociais de formación avanzada académica ou profesional.

4.- As ensinanzas propias de nivel de grao, as de máster oficial, así como os encargos docentes regulados polo artigo 83 da Lei Orgánica de Universidades, quedan excluídas do ámbito deste Regulamento.

5.- Así mesmo, non poderá existir nesta Universidade coincidencia entre os estudos oficiais e os propios, ni na denominación, contidos e obxectivos, nin en calquera outro elemento que puidera producir confusión.

6.- Os títulos propios poderanse recoñecer academicamente nas ensinanzas de grao e posgrao oficiais da Universidade de Santiago de Compostela, segundo a normativa vixente, de acordo co disposto no artigo 6.3 do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.

## **Artigo 2.- Réxime xeral**

1.- A estrutura administrativa encargada da oferta destes títulos propios, así como da súa tramitación e do seu seguimento será o Centro de Posgrao da Universidade de Santiago de Compostela, que será asistido por unha comisión competente en materia de Posgrao Propio, en adiante a Comisión.

2.- Non obstante, a xestión académica correspóndelle ao Servizo de Xestión Académica dependente da Secretaría Xeral da Universidade.

3.- Os títulos propios poderán ser impartidos en formato presencial, semipresencial ou non presencial.

4.- Os estudos propios poderán organizarse cunha estrutura única ou cunha modular. Os módulos son agrupacións de distintas materias dun curso que poderán constituír por si mesmos cursos de especialización ou de formación continua.

5.- Os títulos propios articularanse polo sistema de créditos ECTS, xerándose como se detalla:

- Para o alumno, 1 ECTS equivale a 25 horas de traballo total.
- Para os efectos de docencia, 1 crédito equivale a dez horas lectivas, teóricas ou prácticas, presenciais ou non presenciais.
- Para os efectos de prácticas tuteladas en empresas, 1 crédito equivale a 25 horas presenciais.

### **Artigo 3.- Modalidades de estudos e condicións de acceso**

- 1.- Consonte o establecido no artigo 1.2 deste Regulamento, os títulos propios son os cursos propios e os cursos de formación continua.
- 2.- Os cursos propios deben revestir a forma de máster propio ou de curso de especialización.
- 3.- Os cursos de formación continua poderán revestir calquera das modalidades consignadas no artigo 6 deste Regulamento.

### **Artigo 4.- Dos másteres propios**

- 1.- Os másteres propios deben:
  - a) Esixir os mesmos requisitos de acceso que os dos másteres oficiais.
  - b) Contar entre 60 e 120 créditos ECTS.
  - c) Ter unha duración mínima dun curso académico e máxima de dous cursos académicos.
  - d) Non poder superar, en ningún caso, os 60 ECTS por curso académico.
  - e) Contar con que o 25% dos docentes pertencen á Universidade de Santiago de Compostela.
  - f) Contar con que o 50% da súa docencia será impartida por doutores.
  - g) Contar con que o 25% dos créditos deban ser impartidos por docentes da Universidade de Santiago de Compostela.
- 2.- No caso de non poder acadar os requisitos contidos nas letras e), f) e g) do apartado anterior, na proposta do curso achegarase un informe do director indicando as razóns extraordinarias que concorren e determinan esa imposibilidade con fin de que a Comisión resolva.
- 3.- A superación do máster propio dará o dereito e estar en posesión do título de “Máster Propio en ...”.
- 4.- Poderán ser admitidos nun máster propio os alumnos aos que lles falte cursar un máximo de 30 créditos ECTS para obter a titulación de acceso requirida.
- 5.- Non obstante, o título de máster propio expedirase unicamente para aqueles alumnos que superaran os 30 créditos ECTS necesarios para obter a titulación de acceso requirida antes de acabar o ano académico no que se desenvolve o máster.
- 6.- Os alumnos que cursaran estudos nun máster propio e non teñan dereito ao

título poderán solicitar un certificado dos estudos realizados.

### **Artigo 5. - Dos cursos de especialización**

1.- Os cursos de especialización deben:

- a) Eximir dos requisitos de acceso dos másteres oficiais, se o título vai dirixido a profesionais e, ademais, precisar na proposta do curso as profesións que habiliten para o acceso.
- b) Independentemente do anterior, ter o nivel requirido para o acceso á universidade e acreditar experiencia profesional relacionada coa temática do curso.
- c) Contar entre 20 e 60 créditos ECTS.
- d) Ter unha duración máxima dun curso académico.
- e) Contar con que o 25% dos docentes pertencen á Universidade de Santiago de Compostela.
- f) Contar con que o 50% da súa docencia sexa impartida por doutores.
- g) Contar con que o 25% dos créditos sexan impartidos por docentes da Universidade de Santiago de Compostela.

2.- No caso de non poder acadar os requisitos contidos nas letras e), f) e g) do apartado anterior, na proposta do curso achegarase un informe da dirección indicando as razóns extraordinarias que concorren e determinan esa imposibilidade co fin de que a Comisión resolva.

3.- En todo caso, poden ser esixidos outros requisitos adicionais de admisión, se son adecuados ao ámbito do curso.

4.- A superación do curso de especialización dará dereito de estar en posesión do título propio de “Curso de Especialización en...”.

### **Artigo 6.- Dos cursos de formación continua**

1.- Os cursos de formación continua deben contar entre 1 e 30 créditos ECTS.

2.- A superación dun curso de formación continua dá o dereito a posuír un Diploma de Aproveitamento coa mención do curso realizado.

3.- Distínguense tres modalidades de cursos de formación continua:

- a) Cursos Básicos: de 1 ata 5 créditos ECTS
- b) Cursos de Perfeccionamento: de 6 ata 20 créditos ECTS

c) Cursos de Experto: de máis de 20 ECTS

4.- Para o acceso aos cursos de formación continua precísase a acreditación dun nivel de formación académico que figurará na proposta do curso e, se fose o caso, o cumprimento doutros requisitos de admisión específicos e axustados ao ámbito do título.

## **TITULO II.- ÓRGANOS DE XESTIÓN E PERSOAL DOS TÍTULOS**

### ***Artigo 7.- Órganos***

1.- Os títulos propios da Universidade de Santiago de Compostela contarán para a súa posta en marcha e desenvolvemento cunha directora ou cun director, que será o máximo responsable do curso, e cunha comisión académica exclusivamente para os másteres propios ou para os cursos de especialización.

2.- Os títulos propios da Universidade de Santiago de Compostela poderán contar opcionalmente con:

- a) O codirector, a quen correspóndelle apoiar á dirección na posta en marcha e desenvolvemento do curso.
- b) O coordinador de prácticas, que será un docente do curso e profesor da USC, sempre que dito curso contemple o desenvolvemento dun período de prácticas. No caso de non ter sido designado un, esta función será asumida pola dirección do curso.
- c) O coordinador académico, se fose necesario e sempre de xeito excepcional. Na memoria do título, que se someterá á aprobación do Consello de Goberno, figurará o cargo e as súas funcións, entre as cales estará a principal de manter e coordinar as actividades académicas existentes con outras universidades ou entidades participantes.

### ***Artigo 8.- Da directora ou director do título***

1.-O director dun título propio poderá ser catedrático, profesor titular de universidade ou de escola universitaria ou persoal docente contratado con carácter permanente, pertencentes á Universidade de Santiago de Compostela. Ademais, no caso dos másteres propios o director deberá posuír o título de doutoramento.

2.- Son funcións do director do título:

- a) Solicitar o pagamento do persoal con cargo ao curso que

- dirixe, en consonancia coa proposta aprobada.
- b) Tramitar a solicitude ou renovación do curso, supervisar e controlar o seu desenvolvemento, así como solicitar calquera cambio sobre a proposta aprobada.
  - c) Presentar a memoria académica e económica unha vez rematado o curso.
  - d) Asinar as actas.
  - e) Calquera outra función que estableza este regulamento.

### ***Artigo 9.- Da comisión académica dos másteres propios ou dos cursos de especialización***

1.- Os másteres propios e os cursos de especialización terán necesariamente unha comisión académica consonte o artigo 7.1 deste Regulamento.

2.- A comisión académica estará presidida polo director do título e contará cun secretario e, polo menos, con outras tres persoas pertencentes ao seu cadro de persoal docente, baixo a condición de que a metade dos seus membros sexa profesorado da Universidade de Santiago de Compostela. Asemade, finalizado o proceso de matrícula deberá incorporarse a ela un alumno do título.

3.- Serán funcións da comisión académica:

- a) A proposta de admisión dos alumnos no curso en concordancia cos criterios de acceso e os criterios específicos de admisión do curso.
- b) A emisión dun informe ás solicitudes de recoñecemento de estudos cursados.
- c) A resolución de conflitos académicos que non estean atribuídos a outros órganos da Universidade de Santiago de Compostela.
- d) A resolución ou informe sobre cuestións académicas.

### ***Artigo 10.- Do profesorado***

1.- O persoal docente do título poderá pertencer a Universidade de Santiago de Compostela ou ser externo.

2.- A participación do profesorado da Universidade de Santiago de Compostela nas ensinanzas previstas neste Regulamento non terá, en ningún caso, a condición de encargo docente para os efectos do cumprimento dos deberes lectivos mínimos.

3.- A participación do persoal con vinculación á Universidade de Santiago de Compostela que non sexa PDI unicamente será posible se se solicita

razoadamente xunto coa proposta do curso.

4.- O persoal docente, tanto da Universidade de Santiago de Compostela como externo, poderá impartir un máximo de 100 horas de docencia por curso académico nos títulos propios.

5. O límite será de 120 horas de docencia por curso académico, sumando a dirección ou coordinación segundo o disposto no artigo 12 deste Regulamento.

6.- A retribución máxima por hora fixaraa o Consello de Goberno, o cal poderá tamén establecer un límite máximo global para as retribucións do persoal docente.

### ***Artigo 11.- Do persoal de apoio***

1.- Os títulos propios poderán contar con persoal de apoio á dirección para a súa xestión e organización ou para a realización doutra serie de funcións profesionais que non poidan ser desempeñadas en atención ás súas características polo cadro docente do título.

2.- O persoal de administración e servizos colaborador non poderá dedicar máis de 75 horas por curso académico e sempre fóra do horario do seu traballo habitual. A súa participación deberá ser autorizada pola Xerencia.

3.- Será incompatible a colaboración simultánea do persoal de administración e servizos en máis de dous títulos propios da Universidade de Santiago de Compostela, agás:

- a) Os títulos compostos por módulos que poidan constituír por si mesmos outros títulos, pois neles o persoal de administración e servizos colaborador será común.
- b) O persoal de conserxería.

4.- O persoal de apoio non poderá desempeñar simultaneamente tarefas docentes, nin funcións de dirección ou coordinación do título.

5.- O tope de remuneración por hora de colaboración será fixado pola Xerencia.

### ***Artigo 12.- Incompatibilidades***

1.- A suma dos créditos/horas por labores de dirección, codirección ou coordinación non poderá supoñer máis dun 30% do total das horas do título.

2.- Non se poderá asumir a dirección simultánea de máis dun máster propio ou dun curso de especialización ou a codirección en máis de dous. Soamente as

tarefas de dirección poderán ser exercidas pola mesma persoa no caso dun título estruturado en módulos que poidan constituír por si mesmos outros títulos.

3. A colaboración de calquera tipo nun curso é incompatible coa condición de ser alumno de dito curso.

### **TÍTULO III.- TRAMITACIÓN E SUPERVISIÓN DOS TÍTULOS**

#### ***Artigo 13.- Das propostas para a aprobación ou para a renovación dos títulos***

1.- Poderán ser propoñentes dun título propio, os departamentos, centros, e institutos universitarios, así como o Centro de Posgrao.

2.- A Comisión precisará os requisitos e elaborará o calendario oficial para a presentación das propostas de cursos, tanto se trate de novas edicións como de renovacións. Só as propostas institucionais da Universidade de Santiago de Compostela poderán presentarse en datas distintas das do calendario oficial.

3.- A proposta para a aprobación dun título propio deberá conter necesariamente un orzamento e a determinación do límite de prazas, consonte o disposto no artigo 17 do presente Regulamento.

4.- A proposta de renovación dun título, ademais de cumprir o disposto no apartado anterior, só será posible de ter sido presentadas todas as memorias das edicións anteriores para as que xa rematara o prazo de presentación.

5.- No caso de títulos propios con duración superior a 20 créditos ECTS, o Consello de Goberno é o órgano competente para resolver de conformidade co procedemento seguinte:

- a) A Comisión emitirá un informe en sentido favorable ou desfavorable.
- b) De ser desfavorable, remitirase a dirección do título para que presente alegacións nun prazo de dez días.
- c) O informe favorable ou o desfavorable, neste caso acompañado das alegacións da parte, será remitido ao Consello de Goberno.

6.- No caso de títulos propios con duración inferior ou igual a 20 créditos ECTS, a Comisión será competente para resolver sobre a aprobación ou non da proposta.

7.- Asemade, a Comisión deberá informar e o Consello de Goberno aprobar o convenio específico de colaboración con outras entidades se o título propio se desenvolve deste xeito. O Convenio específico non poderá contravir o disposto neste Regulamento.

8.- No caso de títulos propios que vaian ser inscritos no Rexistro de Universidades Centros e Títulos (RUTC), o procedemento e xestión da oferta do

título propio será o mesmo que o dos títulos oficiais, sen prexuízo de que a competencia de revisión e aprobación correspondan aos órganos establecidos neste Regulamento.

#### ***Artigo 14.- Das propostas de modificación dos títulos***

1.- Calquera modificación dun título propio, unha vez aprobada a súa proposta, deberá ser autorizada pola Comisión. Excepcionalmente, o Consello de Goberno poderá coñecer da modificación dun título sempre que este tivese unha duración superior a 20 créditos ECTS e a Comisión así o determinará.

2.- Para non contravir os compromisos adquiridos cos alumnos, non se autorizará ningunha modificación posterior ao período de matrícula relativa a:

- a) Criterios de acceso e admisión.
- b) Procedemento de avaliación do curso.
- c) Denominación do título ou das materias.
- d) Programa das materias, número de créditos das materia e créditos totais, salvo que se trate de actividades docentes complementarias e voluntarias para os alumnos.
- e) Importe da matrícula.

#### ***Artigo 15.- Da cancelación dos títulos***

1.- A cancelación dun título efecturase, sen alegar causa, antes do inicio do seu período de matrícula ou, unha vez rematado este, se non se acadou o número mínimo de alumnos. Este último extremo deberá figurar na publicidade do título.

2.- En todo caso, se se desexa impartir o título cun número de alumnos inferior ao mínimo previsto na proposta, deberase solicitar autorización á Comisión achegando o orzamento que reflecta a nova situación económica.

3.- Corresponde á dirección do título a obriga de notificar a súa cancelación ao Centro de Posgrao. A cancelación dun curso implica a dos seus módulos.

#### ***Artigo 16. – Da memoria dos títulos***

1.- A memoria do título é o instrumento arbitrado para o seu seguimento e control. Deberá ser presentada pola dirección no Centro de Posgrao dentro dos 3 meses seguintes á data de finalización da docencia.

2.- A presentación da memoria no prazo requirido será requisito imprescindible para a renovación do curso, agás causa xustificada.

3.- A memoria, que se presentará no modelo normalizado e cos requisitos deseñados pola Comisión, terá como contido mínimo os datos relativos a:

- a) Organización académica.
- b) Profesorado.
- c) Alumnado.
- d) Sistema de prácticas.
- e) Organización económica e orzamentaria.

4.- A Comisión ten a competencia para emitir informe favorable ou desfavorable sobre a memoria.

5.- O informe será favorable se concorda a proposta do título coa memoria e existe unha adecuada xestión académica e orzamentaria. En todo caso, son parámetros para emitir ese informe que o título:

- a) Non sufrise cambios de calquera tipo nas materias ou créditos, unha vez iniciado, agás os referidos ao profesorado asignado por razóns xustificadas.
- b) Organizase as prácticas dos alumnos de forma regulamentaria.
- c) Cumprise as porcentaxes mínimas de participación do persoal da Universidade de Santiago de Compostela establecidas neste Regulamento.
- d) Imputase gastos que se correspondan coas actividades reais do título.

6.- O informe sobre a memoria será desfavorable no caso de que se incumpra o disposto no apartado anterior ou en calquera outro deste Regulamento.

7.- Os efectos dun informe desfavorable por causas académicas poderán ser:

- a) A non certificación das tarefas de dirección e coordinación do curso.
- b) A cancelación da edición aprobada para o curso académico presente ou a non renovación da seguinte.
- c) A designación doutro director nas sucesivas edicións.

8.- O efecto dun informe desfavorable por apreciarse gastos indebidos poderá ser a devolución das contías á conta do curso, se así o acorda o Consello de Goberno en títulos de 20 créditos ou mais, ou a Comisión nos títulos de menos de 20 créditos.

9.- Antes da remisión ao Consello de Goberno dos informes desfavorables emitidos pola Comisión en materia de execución orzamentaria, esta poderá solicitar, se o considera necesario, informe do Servizo de Control Interno. Dito informe acompañado do expedido pola propia Comisión enviarase ao Consello de Goberno para que proceda a depurar responsabilidades.

## **TÍTULO IV.- XESTION ECONÓMICA**

### ***Artigo 17.- Do orzamento***

1.-. No orzamento, que se integrará na proposta do título, deberán concorrer os

presupostos de:

- a) Equilibrio, é dicir, que a previsión de ingresos sexa igual á previsión de gastos.
- b) Realismo, é dicir, con indicación dos ingresos de matrícula e dos previstos pola sinatura de convenios.

2.- Para o cumprimento do disposto no apartado anterior, na proposta do título debe figurar:

- a) O número mínimo de alumnos que garantan a súa viabilidade económica, sen prexuízo do establecido no artigo 15.2 deste Regulamento.
- b) O orzamento detallado en diferentes conceptos tanto de ingresos como de gastos. Aprobado o curso, a xestión dos gastos respectará os importes ao nivel de subconcepto económico acordado.

3.- Calquera modificación na proposta do curso que repercuta no orzamento aprobado necesitará a autorización da Comisión antes da súa execución.

### ***Artigo 18.- Dos prezos da matrícula e doutros prezos***

1.- No primeiro cuadrimestre do curso anterior á realización dun título propio, o Consello Social aprobará, a instancias do Consello de Goberno, o prezo público máximo por crédito.

2.- O prezo público máximo por crédito servirá de referencia á dirección do título para fixar o prezo da matrícula, sen prexuízo das competencias do Consello Social.

3.- Así mesmo, o Consello Social, a instancias do Consello de Goberno, aprobará os prezos de expedición de certificados, de recoñecementos e de expedición dos títulos.

### ***Artigo 19.- Da dotación orzamentaria e dos custos indirectos***

1.- Para este Regulamento terán a consideración de ingresos afectados os procedentes das matrículas e das subvencións do título se as houbese, sobre os cales se aplicará a retención de custos indirectos establecida con carácter xeral.

2.- No que atinxe á matrícula, os custos indirectos calcúlanse sobre o seu importe descontado o seguro escolar e o custo de expedición de diplomas e títulos.

3.- No orzamento do título deberá consignarse tamén unha retención equivalente ao 2% do total dos ingresos da matrícula que será destinada ao departamento,

centro ou instituto universitario responsable.

4.- Non terán a consideración de ingresos do título, os derivados de prestacións de servizos a terceiros aínda que sexan desenvolvidas mediante a realización de prácticas dos alumnos. Para estes efectos, a dirección do título deberá determinar:

- a) A unidade ou servizo da Universidade responsable de obter eses ingresos, que se computarán como ingresos de dita unidade ou servizo.
- b) De ser o caso, os acordos organizativos e económicos entre o título e a unidade ou servizo no que os alumnos desenvolvan as súas prácticas.

5.- Cando unha institución solicita a tramitación do pago das matrículas de alumnos do curso mediante factura, a Universidade de Santiago de Compostela considerará as matrículas como provisórias ata que se realice o ingreso da factura no prazo que se determine.

### ***Artigo 20.- Das modificacións do orzamento***

1.- Calquera modificación no orzamento dun curso deberá ser autorizada pola Comisión e comunicada á persoa responsable de asuntos económicos.

2.- No suposto de ser necesario efectuar axustes no orzamento con pleno respecto ao disposto no apartado anterior estes non consistirán en incrementos:

- a) Do prezo da matrícula.
- b) Das retribucións por hora do profesorado ou dos directores, codirectores e coordinadores.

3.- Unha vez finalizado o prazo de matrícula e coñecido o seu montante ou o da subvención, axuda ou contraprestación do título, a dirección deberá reelaborar o orzamento no caso de obter ingresos por un importe inferior ao fixado na proposta, e acadar así un axuste exacto entre os gastos e os ingresos efectivos.

4.- Así mesmo, a dirección do título deberá reelaborar o orzamento cando os ingresos sexan maiores que os contemplados na proposta. Nese suposto, propondrá un aumento razoado do gasto que non afecte aos conceptos descritos en el apartado 2 deste artigo e, por tanto, que incida na atención aos alumnos. Se, pese a o anterior, continúa o superávit, a Comisión poderá decidir incorporalo á retención por custos indirectos.

### ***Artigo 21.- Das retribucións e contratacións***

1.- Todas as retribucións de persoal con cargo a un curso propio da Universidade de Santiago de Compostela, agás as de docencia, remitiranse ao Centro de Posgrao no momento de execución das actividades encomendadas e

cumprimentando os formularios establecidos ao efecto.

2.- As propostas de contratación de persoal tramitaranse a través do Centro de Posgrao, utilizando os modelos normalizados, e remitiranse ao Servizo de Xestión de Persoal.

3.- Ditas contratacións deberán ser motivadas e o procedemento de selección responderá aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

4.- As contratacións serán autorizadas pola Xerencia da Universidade de Santiago de Compostela, salvo que contraveñan o disposto neste regulamento, nas normas internas ou instrucións da propia Universidade e na lexislación vixente.

### ***Artigo 22.- Dos gastos e dos límites de gasto***

1.- Son gastos que poden ser imputados nas partidas orzamentarias dos títulos propios os seguintes:

- a) Retribucións de docencia de persoal propio da Universidade de Santiago de Compostela.
- b) Retribucións de docencia de persoal externo a Universidade de Santiago de Compostela.
- c) Axudas de custo e locomoción de todo o persoal docente do título por desprazamentos necesarios para impartir a súa docencia.
- d) Bens correntes e servizos relacionados directamente coa docencia.
- e) Gastos en atencións protocolarias entendidas en sentido estrito e nunha porcentaxe mínima respecto do orzamento total.

2.- A retribución en concepto de dirección ou coordinación non poderá superar o 20% do total de ingresos na partida do título, independentemente das retribucións que se asignen por docencia.

3.- O gasto de pago de retribución por labores docentes comprenderá polo menos o 50% do gasto total do título, agás nos casos debidamente autorizados pola Comisión previa petición razoada pola dirección do título. En ningún caso se poderá utilizar como forma de pago dos servizos prestados polo persoal docente as axudas de custo e as axudas de locomoción.

4.- Non terán a consideración de gastos do título propio os seguintes:

- a) Axudas de custo e locomoción dos alumnos para a realización de prácticas ou doutras actividades académicas noutra localidade.
- b) Importe de inscricións e gastos asociados a asistencia a congresos de profesores ou de alumnos, agás que na proposta do título figure como actividade a realizar.

5.- De ser necesario o traslado a outra localidade dos alumnos para a realización de prácticas ou actividades académicas, poderase cubrir o gasto mediante a presentación de factura onde figuren os custos de desprazamento, aloxamento ou comidas, e sempre que esta actividade estivese recollida na proposta do título.

## **TÍTULO V.- ADMISIÓN E MATRÍCULA**

### ***Artigo 23.- Da admisión***

1.- Sen prexuízo das competencias do Servizo de Xestión Académica, nos másteres propios e nos cursos de especialización corresponderá á comisión académica a realización do proceso de selección para a admisión; mentres que nos cursos de formación continua recaerá sobre a dirección.

2.- Tras a admisión, a dirección procederá á:

- a) Publicación das listas provisionais de admitidos e excluídos.
- b) Fixación do prazo de reclamacións.
- c) Publicación das listas definitivas de admitidos.
- d) Remisión da documentación ao Servizo de Xestión Académica.

### ***Artigo 24.- Da matrícula***

1.- A matrícula e a xestión de expedientes corresponderá ao Servizo de Xestión Académica.

2.- O procedemento de matrícula axustarase no posible ao establecido con carácter xeral para a titulación oficiais e concretarase na convocatoria xeral de matrícula da Universidade de Santiago de Compostela para cada curso académico.

3.- O alumnado deberá matricularse da totalidade dos créditos que figuren na programación do título.

4.- O pago da matrícula realizarase antes do comezo do curso, debendo mediar un mínimo de 5 días hábiles entre a fin do prazo de matrícula e o de inicio da docencia.

5.- No caso de títulos non presenciais, o alumnado quedará exento do pago do seguro escolar ou seguro obrigatorio, salvo que teña que facer prácticas ou concorrer a probas de avaliación.

6.- Admitirase o pago da matrícula por unha entidade, previa formalización do correspondente convenio, e sempre que cada un dos alumnos conte cunha autorización individual na que se reflecta o importe da matrícula do curso.

7.- Admitirase, así mesmo, a renuncia á matrícula, se se efectúa nos 5 días

hábiles posteriores á data do fin do prazo daquela.

### ***Artigo 25. - Titulacións conxuntas con outras universidades***

A admisión, matrícula e xestión de expedientes nos títulos interuniversitarios será o que estableza o convenio asinado.

## **TÍTULO VI.- EXPEDICIÓN E RECOÑECIMIENTO DE TÍTULOS**

### ***Artigo 26 .- Da expedición de títulos e diplomas de aproveitamento***

1.- Consonte co disposto no artigo 1.5 deste Regulamento, nin a denominación nin o formato dos títulos propios poderá ser coincidente ou inducir confusión cos títulos oficiais regulados no Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.

2.- Para a obtención dun título propio ou diploma de aproveitamento, esixirase a superación, a través do proceso de avaliación previsto, dos estudos e das actividades académicas que o integren. A simple asistencia non dará lugar á súa obtención, agás en cursos de formación continua así autorizados.

3.- A mención no título ou diploma de aproveitamento será de “apto”, “non apto” ou “non presentado”, e referirase á totalidade de créditos asignados.

4.- O alumno que obteña a cualificación global de “apto” terá dereito á expedición do correspondente título ou diploma de aproveitamento outorgado pola Universidade de Santiago de Compostela, previo pagamento do prezos públicos.

5.- Cando na programación dun curso se establezan módulos que á súa vez dean dereito á expedición doutros títulos distintos, farase constar esa circunstancia no título de dito curso.

6.- Os títulos e os diplomas de aproveitamento da Universidade de Santiago de Compostela cumprirán as garantías formais seguintes:

- a) Formalización en modelo normalizado.
- b) Sinaturas do reitor, do xefe da dependencia administrativa responsable da tramitación e expedición do título e do interesado
- c) Constancia rexistral no Rexistro Universitario de Títulos Propios, con análogas condicións de identificación, custodia, certificación e carácter público dos títulos oficiais.
- d) Inclusión dun descriptor no reverso onde figuran as materias cursadas.

7.- A xestión dos procedementos de expedición, duplicados, entrega e remisión dos títulos serán os establecidos pola Secretaria Xeral da Universidade de Santiago de Compostela.

8.- A expedición de títulos entre varias universidades ou en colaboración farase de conformidade co que estableza o convenio de colaboración.

### **Artigo 27. - Do recoñecemento de títulos**

1.- O alumnado que teña superado un curso ou varios, que constitúan á súa vez un módulo ou varios módulos dun título superior, poderá solicitar o recoñecemento da totalidade deses estudos para matricularse no título superior dos créditos restantes.

2.- O alumnado que non teña superado un curso poderá solicitar o recoñecemento dos módulos ou das materias cursadas, co fin de que lle sexan validados aos únicos efectos de matricularse na seguinte edición de dito curso.

3.- Para o recoñecemento de estudos será preciso que:

a) O alumno envíe solicitude ao reitor a través do Servizo de Xestión Académica.

b) A Comisión Académica do título ou o director, para o caso de cursos de formación continua, emitan informe no que se acredite se os módulos ou materias superadas, os contidos, ou as competencias adquiridas se corresponden coas que se van recoñecer.

c) A Comisión de Posgrao librará outro informe sobre a conveniencia do recoñecemento.

d) O alumno pague o 25% do custo dos créditos recoñecidos.

4.- Para o recoñecemento de estudos propios como estudos oficiais estarase ao disposto na normativa estatal e da Universidade de Santiago de Compostela sobre recoñecemento de créditos en estudos oficiais.

## **TÍTULO VII.- PRÁCTICAS**

### **Artigo 28.- Das prácticas en empresas**

1.- Os títulos propios poderán prever a realización de prácticas en empresas, obrigatorias ou optativas, que deberán detallar na proposta.

2.- Para a formalización destas prácticas será necesario:

a) A aprobación e sinatura de convenios de cooperación educativa coas entidades de acollida.

b) A aprobación das condicións e o procedemento de realización pola Comisión.

3.- Para a adxudicación das prácticas, estableceranse na proposta do título os criterios aplicables que terán como base os principios de transparencia, obxectividade e equidade. En todo caso, terase en conta o expediente académico.

4.- Consonte o artigo 7.2 deste Regulamento, a dirección do título poderá nomear un coordinador de prácticas que será o encargado de xestionar a oferta e a adxudicación das prazas. No caso de non facelo, esta función será asumida pola dirección do curso.

5.- A Universidade e a empresa/institución receptora do alumnado deberán nomear cada unha o seu titor ou titora de prácticas que se encargará do seguimento da aprendizaxe do alumno.

6.- No caso de prácticas optativas, no reverso do título poderá constar, a solicitude do alumno, a duración e as entidades onde se realizaron.

7.- A regulación das prácticas será a que estableza a Universidade de Santiago de Compostela para todas as titulacións.

## **TÍTULO VIII.- CALIDADE**

### ***Artigo 29.- Sistema de garantía da calidade***

Os títulos propios da Universidade de Santiago de Compostela integraranse no sistema de garantía de calidade da área académica. Non obstante o anterior, poderán establecerse mecanismos de control da calidade pola Comisión que opcionalmente serán tidos en conta para a renovación dos títulos ou a aprobación de novas peticións.

### ***Disposición adicional primeira. Linguaxe non sexista***

Todas as referencias a alumnos, estudantes, profesores, etc. entenderanse como xenéricas sen identificación de sexo, polo que abranguen tanto o xénero feminino como o masculino.

### ***Disposición adicional segunda. Competencia administrativa***

As situacións non contempladas neste Regulamento serán resoltas pola Comisión ou polo Servizo de Xestión Académica no ámbito das súas competencias.

### ***Disposición adicional terceira. Convenios de colaboración con entidades externas***

A directrices dos convenios de colaboración entre entidades externas e a Universidade de Santiago de Compostela no que tinxe aos títulos propios, deberán regularizarse mediante acordo do Consello de Goberno a proposta da Comisión.

### ***Disposición transitoria. Xestión provisoria dos títulos propios***

Mentres non se estableza que “a xestión económica e orzamentaria dos másteres e cursos propios sexa realizada integramente por parte dos servizos centrais”, tal e como se aprobou na sesión do Claustro Universitario do 18 de novembro de 2014 no marco do *Plan Económico-Financeiro de Reequilibrio*, o director do curso será tamén o do centro de gasto, e polo tanto o responsable de autorizar os gastos derivados do título sempre en consonancia co aprobado na proposta e atendendo as instrucións da Universidade de Santiago de Compostela ao efecto.

### ***Disposición derogatoria***

Este regulamento derroga o *Regulamento dos estudos de posgrao e de formación continua da USC* (DOG do 2 de marzo de 2001). Quedan tamén derogadas as normas de igual ou inferior rango que resulten contrarias ao disposto neste Regulamento.

### ***Disposición final***

O presente Regulamento entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro de Anuncios Electrónico da Sede Electrónica tras a súa aprobación polo Consello de Goberno.